

1020  
22

©

PATRONATO ROSALIA DE CASTRO  
APARTADO 267  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CASA - MUSEU DE ROSALIA  
TELEF. 59 91 00 - EXT. 361  
PADRON  
(CORUÑA)

Xunio, 24  
1.977

D. Camilo Xosé Cela  
Palma de Mallorca.

Benquerido amigo:

A Xunta de Goberno deste Patronato que me honro en Presidir tomou o acordo de facer constar en Acta a súa ledicia polo feito de que o Rei Juan Carlos o teña escollido a vostede pra Senador da Corona.

Estamos certos de que o Rei non poido escoller mellor. Vostede é, sin dúbida, un dos máis sobranceiros fillos do País. Hai cousas que non se poden disimular: e o País non disimulou a súa ledicia ao conocer a desinación do Rei Juan Carlos.

Xa sabemos que estamos a estrenar democracia. E que polo de agora ninguén sabe por donde van correr as augas gorentosas que Galicia precisa pra o seu rexurdir no concerto dos demais pobos de España.

Pero non dubidamos un instante que vostede fará, ao lado de García-Sabell e Zelada --os outros dous designados polo Rei-- ben como con todos cantos recibiron os votos dos Partidos, unha nova figura parlamentaria na loita polos intereses do País.

Facemos votos porque trunfen.

Reciba, amigo noso, cos parabéns máis cordiales a forte aperta de todos nós. Dun modo especial, do seu amigo certo



*lixto*  
Agustín Sixto Seco  
Presidente.